



A Coruña, 29 de decembro de 2.023

XUIZ UNICO FEGAN
ACTA N° 7 / TEMP 2023-2024.
RESOLUCION

Competición: LIGA GALEGA WATERPOLO DIVISIÓN HONRA MASCULINA.

Equipos participantes: R.C.N.VIGO - C.W.P.OURENSE .

Data de celebración: 17/12/2023.

FEITOS:

O día 20 de decembro do presente ano foi remitido a este Xuíz único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 04:30 do último período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador nº 7 visitante, D.D. Rodríguez Ferro (n.º licenza 1010050) por protestar decisións arbitrais dende o banco do seu equipo cos brazos erguidos. Ao rematar o encontro o xogador achégase ó equipo arbitral para pedir desculpas."

O mesmo día 20 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como constitutivos de infracción leve do art.7. I.1.a.
- Atenuante de arrepenimento espontáneo do artigo 11 a).
- Agravante de reincidencia do artigo 12 xa que o xogador foi sancionado nesta mesma tempada por infracción leve.

RESOLVE

SANCIONAR a D.D.Rodríguez Ferro, con número de licenza 1010050 xogador do C.W.P.Ourense cat. División de Honra Masculina cun encontro de suspensión nesta categoría(art. 9.III.a).

Asinado D. Miguel Dios Blanco

Xuiz Único Comité de Competición da FEGAN